RUIGEU

RED DE UNIDADES DE IGUALDAD DE GÉNERO
PARA LA EXCELENCIA UNIVERSITARIA

MANIFESTO CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL POLA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

25 NOVEMBRO 2020

Na Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra a Muller, no 1993, Nacións Unidas a definía como "todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poda ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública coma na vida privada".

Sen dúbida, a violencia contra as mulleres é a expresión máis dramática da desigualdade de xénero no mundo e, dende 1995, na Cuarta Conferencia Mundial sobre a Muller celebrada en Beijing, está considerada coma un dos principais temas de preocupación mundial que tanto a normativa internacional coma a europea e estatal veñen incorporando.

As violencias contra as mulleres son tamén unha ameaza para a saúde pública mundial e, en condicións de emerxencia como a actual pandemia COVID- 19, tenden a aumentar. Ante tales circunstancias, as universidades deben poñer énfase en facer visible a persistencia das violencias e paliar o seu impacto.

Coma en calquera outro ámbito da nosa sociedade, nas universidades tamén se viven diferentes formas de violencia e discriminación baseadas nas relacións asimétricas de poder entre mulleres e homes, podendo ser aulas e campus escenarios de condutas sexistas e violencias sexuais. Trátase, sen dúbida, dun problema para os gobernos universitario que, ante a falla de denuncias formalizadas, pode facilmente percibirse coma algo puntual, fortuíto ou esporádico, o que fai invisíbel, ou polo menos minimiza o fenómeno.

A dificultade de chegar a toda a comunidade universitaria para que coñeza o posicionamento contra as violencias machistas dos órganos de goberno universitarios, o descoñecemento das estruturas de apoio co que pode contar a persoa que sofre unha agresión machista, a normalización das condutas sexistas, o sentimento de culpa e o medo de denunciar das vítimas, a falla de mentoras ou acompañantes, procedementos de excesiva complexidade, a hostilidade do agresor e o seu entorno e os efectos perversos que a denuncia pode implicar na carreira profesional ou académica, son algunhas das causas da invisibilidade deste tipo de violencias no seo das universidades.

O compromiso firme e contundente nas declaracións institucionais contra a violencia machista, a formación e sensibilización en materia para todo o persoal que traballa nas universidades, especialmente a formación específica das persoas que integren as comisións derivadas dos protocolos de actuación ante o acoso sexual e por razón de sexo, a difusión e proxección do traballo das Unidades de Igualdade como estruturas universitarias orientadas a loitar contra as agresións machistas, os protocolos de actuación fronte ao acoso sexual e por razón de sexo sinxelos e con procedementos áxiles e non disuasorios nin revitimizadores para que sufra unha agresión desa natureza, son instrumentos esenciais para loitar contra as violencias machistas dentro das universidades.

Porén resulta imprescindible que as universidades dispoñan de recursos humanos e materiais suficientes e permanentes, resultado dunha distribución equitativa e racional dos recursos do Pacto de Estado (acción oitava), facilitando con iso a realización de estudos e informes de impacto dos diferentes indicadores de acoso e agresións no seu ámbito de competencia.

As universidades, como xeradoras e transmisoras de coñecemento e valores, deben ser referentes no compromiso de facer efectivo o principio de igualdade e a erradicación das violencias contra as mulleres. Non dar as costas á realidade é o primeiro paso. Para as universidades, contribuír a un mundo máis xusto, é tanto un reto coma un deber inescusable.

As universidades abaixo asinantes forman parte da Rede de Unidades de Igualdade de Xénero das Universidades Españolas para a Excelencia Universitaria

Universidad de Alcalá
Universidad de Alicante
Universidad de Almería
Universitat Autònoma de Barcelona
Universidad Autónoma de Madrid
Universitat de Barcelona
Universidad de Burgos
Universidad de Cádiz
Universidad de Cantabria
Universidad Carlos III
Universidad de Castilla La Mancha
Universidad Complutense de Madrid
Universidad de Córdoba
Universidade da Coruña
Universidad de Deusto
Universidad de Extremadura
Universitat de Girona
Universidad de Granada
Universidad de Huelva
Universitat de les Illes Balears
Universidad Internacional de Andalucía
Universidad de Jaén
Universitat Jaume I
Universidad de La Laguna

Universidad de La Rioja
Universidad de Las Palmas de Gran Canaria
Universidad de León
Universitat de Lleida
Universidad Miguel Hernández
Universidad de Málaga
Universidad de Murcia
Universidad Nacional de Educación a Distancia (UNED)
Universitat Oberta de Catalunya
Universidad de Oviedo
Universidad Pablo de Olavide
Universidad del País Vasco/ Euskal Herriko Unibertsitatea
Universitat Politècnica de Catalunya
Universidad Politécnica de Cartagena
Universidad Politécnica de Madrid
Universitat Politècnica de València
Universitat Pompeu Fabra
Universidad Pública de Navarra
Universidad Rey Juan Carlos
Universitat Rovira i Virgili
Universidad de Salamanca
Universidade de Santiago de Compostela
Universidad de Sevilla
Universitat de València
Universidad de Valladolid
Universitat de Vic-Universitat Central de Catalunya
Universidade de Vigo
Universidad de Zaragoza